

Trinta anos de paixón polo teatro, dende as aulas do Xelmírez I de Compostela

Alvarelllos Editora e o Consorcio de Santiago publican a historia do grupo teatral compostelán "Vai no Dentista", creado en 1995 no Instituto Xelmírez I. Un percorrido polos trinta anos de vida desta agrupación que tivo sempre como eixo o traballo en grupo, a potenciación das capacidades expresivas do alumnado e a defensa da lingua. O autor desta singular crónica é Adrián Noia.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, OUTONO 2026.- Alvarelllos Editora e o Consorcio de Santiago publican *Vai no dentista. Trinta anos do grupo de teatro do Instituto do Arcebispo Xelmírez I (1995-2025)*, un volume ilustrado con oitenta documentos e fotografías onde se traza un **percorrido visual, e vital**, a través das obras creadas e representadas, das persoas participantes, e inclúese un divertido anecdotario.

A carón da historia do grupo é imprescindible reivindicar o impagábel **labor que, nestes trinta anos, «Vai no Dentista» foi desenvolvendo na potenciación das capacidades expresivas do alumnado, no traballo en grupo e na defensa da lingua.** Nuns mozos e mozas que xamais esquecerán a súa experiencia sobre os escenarios. Elaborado polo escritor **Adrián Noia**, conta tamén coa colaboración de **Manuel Portas** e **Sagrario Torrado**.



FICHA TÉCNICA: 208 pp. 20 x 19 cms
ISBN 978-84-18567-99-5. PAPEL FSC. PVP: 24 €

ADRIÁN NOIA (Santiago de Compostela, 2001) é escritor e filólogo. En 2022 publicou a súa primeira novela *O país dos raposos* (2º Premio Xuventude Crea 2021), á que seguirían *A terra leve* (2024) e *Pontealbar* (2025). Recibiu o Premio SELIC de Creación Literaria por *O silencio non arrola* (2026). Durante seis anos (entre 2013 e 2019) Adrián foi alumno do IES Arcebispo Xelmírez I, dous deles, integrante do grupo «Vai no Dentista».



Contacto con Adrián Noia:
adriannoia@gmail.com

